

AS MULLERES AO LONGO DA HISTORIA DA MÚSICA

EUROPA E GALICIA

ÍNDICE

- Mulleres en Europa : 11
- Mulleres galegas

Idade Media - Hildegard von Bingen

Hildegard von Bingen

- Compositora, escritora e científica alemá do s. XII. Procede dunha familia nobre. Foi destinada ao servizo da Igrexa ao cumprir os oito anos de idade, onde recibiu unha excelente educación en todos os campos das ciencias e das letras.
- A súa música caracterízase por pertencer ao xénero relixioso e pola súa finalidade didáctica e evanxelizadora. É unha música monódica, de tempo lento para que o oínte puidera aprender cada palabra do texto.



Renacemento - Francesca Caccini

Francesca Caccini, Florencia 1587-1640

- Compositora, cantante e poetisa italiana do Barroco. Destacou por ser a primeira muller en compoñer unha ópera.
- A súa primeira actuación como cantante tivo lugar na voda de Enrique IV con María de Médicis no 1600. Enrique IV quedou tan impresionado coas capacidades vocais de Francesca que lle propuso quedar na corte aos seus servizos e pasar a formar parte da súa capela musical. Porén, os seus compañeiros opuxéronse ao seu ingreso polo feito de ser unha muller, e tivo que voltar a Italia, onde escribiría moitos intemezzos para a corte dos Médicis.
- Da súa obra destacan as cinco óperas, das que soamente quedan escritos da “*Liberazione di Ruggiero del la*”



Barroco - Bárbara Strozzi

Bárbara Strozzi ((Italia 1619 - 1677))

- Compositora e cantante do Barroco italiano. A súa cultura musical débese ás clases impartidas polo seu pai e ao seu mestre F. Cavalli. Tivo importantes mecenas, entre os que destaca Fernando II de Austria.
- A súa obra musical abrangue numerosos dúos para soprano e baixo contínuo (era un acompañamento propio deste período musical formado por un clavicémbalo e un instrumento grave de arco, normalmente o violoncello)



Barroco - Anna Magdalena Bach

- Soprano e compositora do Barroco alemán. Pertence a unha familia acomodada, na que seu pai era trompetista da corte de Zeitz, e grazas ó cal recibirá clases de música dende moi temprana idade. Estivo rodeada dos mellores músicos da época, de ahí a súa afición pola música. Aos vinte anos é contratada como soprano polo príncipe Leopold de Anhalt - Cöthen, onde coñece a J. S. Bach decidindo contraer matrimonio con el, a pesar da diferenza de idade entre eles.
- A partir dese momento, a súa vida xirará arredor da familia, axudando e transcribindo as obras do seu marido, o cal lle dedicará numerosas obras, entre as que destacan os dous [“Cadernos de música”](#).



Clasicismo - Nannerl Mozart

[Nannerl Mozart](#), pianista (Salzburgo 1751 - 1829)

- Pianista e profesora de música pertencente ao período do Clasicismo alemán.
- Foi a primeira filla do matrimonio Leopold e Anna María Mozart (ambos músicos). Naceu cun notable talento para o piano e para a composición, polo que o seu pai adicárase persoalmente á súa educación musical, compilando un libro (“Libro de música de Nannerl”), para guiar o seu estudo.
- Anos máis tarde nace Wolfgang, quen á idade de tres anos empezou a despuntar na técnica do piano. Co crecente interese de Wolfgang pola música, acabáranse as longas horas de estudo de Nannerl.
- A partir dese momento, Nannerl centrárase nos labores propios das mulleres dese tempo: casar e formar unha familia. Queda viúva anos máis tarde, tendo que dedicarse ás clases particulares de piano para poder sobrevivir.
- Non perdurou ningunha das obras compostas por ela. Sospéitase dalgunha obra firmada polo seu irmán como propia. O que sí perdura é o papel de Nannerl como musa do seu irmán, á que lle adicará obras como [“Sonata en Re mayor”](#), “Capricio”, “Adagio en Si menor”,...



Romanticismo - Clara Schumann

Clara Schumann, pianista e compositora (Alemania 1819 - 1896)

- Pianista e compositora do Romanticismo alemán. Estudou piano dende unha idade moi temperá co seu pai Friedrich Wieck (pianista de renome). Foi sen dúbida a pianista máis importante do s. XIX, xunto con Franz Liszt. Foi admirada polos personaxes máis importantes da época: Chopin, Mendelssohn, Goethe,...
- Desenvolveu unha brillante carreira de intérprete ata o seu casamento no 1840 con Robert Schumann. A partir dese momento, adicárase aos labores familiares e domésticos. Foi nai de sete fillos e acompañou ao seu marido nas xiras por toda Europa. Anos máis tarde, tras a morte do seu marido, incorporárase á vida laboral no Conservatorio Superior de Fráncfort.
- As razóns polas que non se adicou en maior medida á composición foi a súa carreira como concertista e editora de moitas das obras do seu esposo.
- A súa obra máis destacada é [“Soirées Musicales”](#) (pezas para piano solista), das que salienta a súa peza “Toccatina”. Compuxo ademáis, música de cámara, algúns lieder e pequenas obras orquestais, como o seu [concerto para piano e orquestra](#).



Romanticismo - Fanny Mendelssohn

Fanny Mendelssohn, compositora e pianista (Hamburgo 1805 - 1847)

- Compositora e pianista alemá. Naceu, creceu e recibiu unha educación dentro dunha sociedade cunha poderosa influencia cultural. Seus pais souberon crear o ambiente axeitado para o crecemento dos seus fillos (Félix e Fanny), aproveitando a gran riqueza intelectual que se desenrolaba ao seu arredor, con amizades como Weber, Zelter, Goethe,...
- De Fanny afirmaban que nacera “cos dedos axeitados para tocar as fugas de J. S. Bach”. Estudaba dende as cinco da mañá ata altas horas da tarde. Perseverou en compoñer, pese ás advertencias severas do seu pai. Mentres que a Félix se lle alentaba e apoiaba na súa vocación musical, a Fanny, polo xeito de ser muller, non se lle permitía compoñer e a música debía ser entendida non como unha vocación, senón coma un ornamento. O seu destino era ser unha boa esposa e adicarse ós labores domésticos. Casou anos máis tarde co pintor Hensel, quen a apoiará na súa vocación como compositora, permitíndolle compoñer numerosas obras que posteriormente se publicarían baixo a firma de Félix Mendelssohn, como os seus famosos “Romances sen palabras”
- As obras máis salientables son: [un trío de piano](#), as cancións do op.8 e 9, entre as que destaca “Italia”, e as [“Cancións de lieder sin palabras”](#).



Postromanticismo - Alma Mahler

Alma Mahler, compositora, pintora e musa de importantes xenios (Viena 1879 - 1964)

- Compositora e pintora vienesa, esposa do compositor Gustav Mahler, do arquitecto Walter Gropius (fundador da Bauhaus) e do novelista Franz Werfel.
- Naceu nunha familia acomodada, filla dun importante pintor, E. J. Schindler. Entre as amizades que frecuentaban as reunións familiares estaba Gustav Klimt, quen a retratou en numerosas ocasións.
- Aos 23 anos casa co compositor G. Mahler, co que tivo dúas fillas. Aínda que Mahler sempre tivo interese polas inquietudes musicais de Alma, os termos do matrimonio incluían o abandono das súas inquietudes artísticas para adicarse íntegramente ao seu marido e aos labores domésticos. Nun primeiro momento, Alma asume este sacrificio polo amor que sente hacia o xenio, pero tras a morte dunha das súas fillas o matrimonio comeza o declive. Alma culpabiliza a Mahler de tentar ao destino coa súa obra “Kindertotenlieder”, que significa: “cancións que falan sobre os nenos mortos”.
- Coa morte do seu primeiro marido no 1911, comeza unha serie de relacións con personaxes importantes do momento: Gropius (co que casou en 1915 e tivo unha filla que morrerá aos 18 anos dunha poliomelite), o pintor Kokoschka e Werfel (co que casa en 1929).
- Coa invasión alemá e a ocupación de Francia durante a Segunda Guerra Mundial, Alma tivo que abandonar Francia co seu marido Werfel (era xudeo). Aséntanse en América, onde obterán un importante éxito coa novela “La canción de Bernadette”.
- A nivel musical non se caracterizou pola extensa obra composta: soamente uns poucos [lieder](#), algunha obra instrumental e o comezo dunha ópera.



Neoclasicismo - Nadia Boulanger

Nadia Boulanger, compositora e directora de orquestra (París 1887 - 1979)

- Compositora, profesora e directora de orquestra francesa, pertencente aos movementos musicais do s. XX (Neoclasicismo, Nacionalismo,...).
- Procede dunha familia acomodada, na que se respiraba un ambiente musical: a súa avoa e a súa nai eran sopranos, seu pai era profesor no Conservatorio de París e a súa irmá Lili, compositora de talento. Xuntas compondran obras tan importantes como a cantata “Fausto e Helena”. Foi alumna de G. Fauré, que era un dos compositores máis destacados dese momento.
- Deixa de compoñer no 1918, tras a morte de Lili, e comeza a súa andanza como directora de orquestra (foi a primeira en recuperar os madrigales de Monteverdi). No 1921 ingresa como profesora no Conservatorio de Música Americano, xunto con Ravel e Stravinsky. Remata a súa vida sendo a Directora do C. M. A. impartindo clases a músicos da talla de Daniel Barenboim, Philip Glass, Darius Milhaud, Astor Piazzolla, etc



Nacionalismo - Germaine Tailleferre

Germaine Tailleferre, compositora (París 1892 - 1983)


- Compositora de finais do Romanticismo francés e precursora das novas tendencias musicais do s.XX (Neoclasicismo e Nacionalismo)
- En realidade chamábase Marcelle Taillefesse, pero cambia o seu nome polo de Germaine Tailleferre debido ao rencor que sente polo seu pai por non apoiar os seus estudos musicais. Comeza os estudos de piano coa súa nai e pronto ingresa no Conservatorio de París, onde coñece a Milhaud, Honegger,... Frecuenta os ambientes artísticos de Montmartre e Montparnasse. De ahí xurdirá o grupo de “Les seis”, do cal foma parte, pasando a ser a primeira muller en pertencer a un grupo de intelectuais, músicos e literatos.
- Adica toda a súa vida á composición musical e compondrá máis de 700 obras, das que cabe destacar os seus ballets clásicos: “París Magie”, “Parisiana”, “La Nouvelle Cythère” (este último foi utilizado por Sergei Diaguilev nos seus ballets),...
- Ademais dos ballets, compón [concertos para piano](#), para arpa, [para frauta](#), para violín, óperas (“Dolores”, “La Petite Sirène”,...), comedias musicais (“Parfume”), e un sinfín de estilos e formas diferentes.



Nacionalismo - Paulina Viardot

Paulina Viardot, compositora e cantante (París 1821 - 1910)

- Compositora e cantante francesa, de orixe español. Procede dunha familia de situación acomodada, con fondas tradicións musicais: seu pai, seu avó, a súa irmá,...
- A morte da súa irmá, “La Malibrán”, eclipsou a fama de Paulina como cantante, a pesares do amplo rexistro vocal que posuía; podía cantar como soprano, como contralto e como mezzosoprano.
- Compartiu a súa vida con Louis Viardot (seu marido) e con Iván Turgéniev (seu amante). Na súa casa de casada, reúnanse os personaxes máis célebres da música e da literatura: Chopin, Rossini, George Sand, Delacroix, Liszt, Robert e Clara Schumann, Fauré, Brahms,...
- Tivo tendencias sexuais diversas. Afírmase que mantivo relacións con George Sand, quen a convertiu na heroína da súa novela “Consuelo”
- Retírase dos escenarios no 1860, adicándose íntegramente á composición. Compón un sinfín de operetas, mazurcas (“Berceuse”, “Plainte d’amour”,...), [cancións líricas](#) e [pequenas pezas instrumentais](#).




María Balteira - soldadeira

María Balteira, Idade Media

- María Balteira foi a máis sonada das soldadeiras da nosa época medieval. As soldadeiras eran mulleres adscritas á Corte que tiñan como oficio cantar e bailar e recibían por iso unha soldada, de aí o nome. Nas ilustracións do *Cancioneiro de Ajuda* aparecen danzando, tocando as castañetas ou o pandeiro na compañía do xograr que tanxe unha guitarra ou unha viola.

Temos noticia da Balteira polas *cantigas de escarnio* que lle dedican dez trobadores, como Pedro Amigo de Sevilla e Pedro de Ambroa, betanceiros ambos os dous; Pero da Ponte e o propio Afonso X o Sabio son algúns dos autores que fixeron dela albo das súas burlas. Por eles coñecemos unha muller paradigma de todos os vicios e transgresións que a época condenaba, malia ser parte deles, nun exercicio de dobre moral. Boca xuradora; practicante do tiro con bésta en competición cos homes; xogadora de dados; trampulleira no xogo; libre no xeito de xacer con cregos, escolares, xograres, etc.; transmisora de doenzas venéreas e supersticiosa.



Romanticismo - Eugenia Osterberger

Eugenia Osterberger, compositora e pianista (Santiago de Compostela 1852 - Francia 1932)

- Eugenia Osterberger foi unha compositora e pianista compostelana, nada en Santiago en 1852. Foi unha figura relevante no panorama musical e cultural de Galicia no último terzo do s. XIX. Instalada en A Coruña, baixo o nome de Mme. Saunier, apelido que tomou do seu marido, firmou partituras que publicaba Canuto Barea, pero que tamén se imprimían en Madrid e París. Relacionábase con Emilia Pardo Bazán, coa comisión que promoveu a creación da Real Academia Galega, da que chegou a ser membro. En 1907 mudouse á Costa Azul francesa, onde se lle perde a pista e Osterberger e Saunier caen no olvido. Ademais da súa produción musical, Mme. Saunier participou en iniciativas de dignificación da cultura galega e foi académica corresponsal da RAG.
- A obra de Mme. Saunier e a súa contribución á consolidación da música culta de raíz galega é aínda unha gran descoñecida para o público galego, pero tamén para os intérpretes e estudos actuais. As súas composicións céntranse en dous repertorios: o de piano solista, con pezas líricas e bailes de salón, e as cancións ou melodías galegas [para voz e piano](#), nas que mostra o seu interese e compromiso co valor do patrimonio popular, da lingua e das culturas propias.



Balbanera Pérez Suárez - pianista galega

Balbanera Pérez Suárez, pianista (Santiago de Compostela - Buenos Aires 1938)

- Estudou música na Sociedade Económica de Amigos do País. En 1888 acadou o primeiro premio no Certame Musical de Vigo pola “Berceuse” de Chopin, recibindo unha copa artística de prata cicelada. Ese mesmo ano tamén actuou nunha velada literario-musical no teatro do Liceo-Casino co obxecto de recadar fondo para as vítimas do Teatro Bacquet de Porto. Ademais, participou nun recital da Sociedade Recreo de Artesáns acompañando o barítono Víctor Mercadillo e a Felipa Villot. Malia ser natural de Compostela, cara a 1890 a familia de Balbanera aparece asentada en Pontevedra e residindo no número 3 da rúa do Comercio. Obrigada polas circunstancias e moitas ingratitudes, tal e como reflicte a prensa da época, Balbanera tivo que emigrar, falecendo en Buenos Aires en 1938

María Áurea Rodríguez, a primeira gaiteira

María Áurea Rodríguez, a primeira gaitera. (Cartelle 1897 - Venezuela 1945)

- María Áurea Rodríguez Rodríguez pode ser considerada unha pioneira entre as intérpretes da gaita en Galicia ao ser a primeira muller documentada neste sentido e que ademais liderou o grupo de gaitas *Os Maravillas de Cartelle*, que se converteu no seu medio de subsistencia. Haberían de pasar uns vinte anos para atopar outra muller destas características, referímonos á gaiteira do cuarteto *Os Celtas de Maside*, de Ourense. E outros tantos para que tomase forma, en Ribadeo, o primeiro grupo composto só por mulleres, coñecido como *Saudade, Gaiteras de Saudade* ou *Meniñas de Saudade*.
- Áurea comeza a tocar a gaita arredor de 1907, á idade de dez anos. Inda que non o podemos confirmar, é moi probable que en 1910, tras o falecemento do seu pai e a súa nai e como medio de vida para ela e os seus irmáns, formase, xunto con Castor, Felisindo, Manuel e Eliseo, o grupo *Os Maravillas*.



A composición do grupo nos inicios é de dúas gaitas, requinto, tambor e bombo. Tal e como se pode comprobar no anuncio que insiren na páxina de *La Región* reproducida na galería fotográfica desta entrada, en 1920 o grupo mantén a dita composición inicial e Áurea é a *mánager*. Non obstante, as novas publicadas a partir de 1926 en lugar de falar de quinteto refírense ao grupo como cuarteto. Isto leva a pensar que é moi posible que, naquela altura, Felisindo, que fundará nos anos trinta o cuarteto *Os Irmáns Gaiteiros de Muntión*, tamén coñecidos como *Os Músicos* ou *Os Señeras*, xa non formase parte do conxunto.

María Muñoz - compositora do Romantismo

María Muñoz de Quevedo, Compositora, pianista e Directora de conservatorio (A Coruña 1886 - Cuba 1947)

- Estuda nos conservatorios de Cádiz e Madrid. Posteriormente é alumna particular de Manuel de Falla durante catro anos.
- En 1919 María Muñoz Portal casa con Antonio Quevedo Sánchez e viaxan a Cuba de lúa de mel e deciden instalarse na Illa.

María ofrece o seu primeiro concerto de piano na Habana en 1920 e no ano 1923 é directora do conservatorio Escuela Filarmónica Nacional.

- Amiga de Federico García Lorca e Juan Ramón Jiménez, comezará en Cuba unha labor de difusión da nosa cultura galega, creando escolas e talleres nos que ensinará a nosa cultura musical.



Pilar Castillo - compositora e pianista

Pilar Castillo Sánchez, compositora e pianista (a Coruña 1895 - 1952)

- Desde moi nova dedícase a actividade concertística. Aínda que non coñecemos ningún rexistro sonoro comercial da súa obra, si temos constancia da existencia de dúas composicións breves da súa autoría:
Durme, unha nana para voz e piano en do menor, compás de 6/8 e tesitura de soprano, con letra do actor Bermúdez Jambrina, que canta a unha nena (*durme nena fermosa, que durmindo se afogan as penas*).
- *Maruxiña*, muiñeira para voz e piano que musica o poema de Pondal do mesmo título. En tonalidade de Fa Maior, compás de 6/8 e carácter e tempo animado e enérxico, cunha pasaxe jocosa, tamén para soprano.



Luz Casal - cantante

Luz Casal, 1958 Boimorto

- M^a Luz Casal Paz, coñecida artisticamente como Luz Casal, é unha cantante galega de pop-rock. É unha das solistas máis valoradas deste país desde os anos 80. Coa súa participación na BSO da película “Tacones lejanos” de Pedro Almodóvar, logrou a fama internacional, sobre todo en Francia.
- Os seus sencillos máis coñecidos son: [“Rufino”](#), [“Lo eres todo”](#), [“Loca”](#), [“Te dejé marchar”](#), [“No me importa nada”](#), etc. Un dos temas que máis destacan en galego é a súa versión de [“Negra sombra”](#) do poema de Rosalía de Castro.
- As vendas dos seus discos ascenden a máis de 5 millóns de exemplares.



Rosa Cedrón - violonchelista e cantante

Rosa Cedrón , violonchelista e cantante (Monforte de Lemos, 1972)

- É unha cantante galega e intérprete de violonchelo, coñecida por ser a voz durante 9 anos do grupo “[Luar na Lubre](#)” e colaborar en discos de músicos como [Mike Oldfield](#). A súa vocación desde nena foi o violonchelo, de feito pertenceu á Orquesta de Cámara Municipal da Coruña. Anos máis tarde, foi profesora de Música en Ferrol.
- “[Negro caravel](#)”, “[Benditas feridas](#)”, “[Camariñas](#)”, ..son algunhas das súas canción máis coñecidas.



Mercedes Peón - cantante e instrumentista

- É unha cantante e instrumentista galega, considerada actualmente como unha das voces máis importantes e máis recoñecida de Galicia. Aos 13 anos escoita ás pandereteiras da Costa da Morte o que lle leva aos 17 anos a percorrer polas aldeas e pobos de Galicia recollendo a música e as tradicións do pobo galego para poder transmitilas ás novas xeneracións.
- Formou parte do grupo folclórico Xacarandaina, e adicouse durante 17 anos a ensinar música e baile tradicional.
- As súas primeiras gravacións foron colaboracións con outros artistas como Xosé Manuel Budiño, Kepa Junquera, Manu Chao, etc. Nesa época, formou o grupo Ajrú co que grabaría uns temas recopilatorios do que saldría o tema principal da serie [Mareas Vivas](#), da TVG.
- No 2000 da vida a Isué, no que graba os seus temas persoais gardados durante tantos anos na grabadora coa que percorrera Galicia nos seus anos mozos. O seu último álbum foi gravado no 2018 é [“Déixaas”](#)



Cristina Pato: gaiteira e pianista

- Cristina Pato leva unha vida activa adicada ao intercambio cultural e a fusionar novos estilos utilizando un instrumento propio da música tradicional galega. En 1999 convertiuse na [primeira muller gaiteira](#) en publicar un disco en solitario. Este disco abriu as portas a posteriores colaboracións con artistas de World Music, jazz, música clásica, música experimental, etc
- Caracterízase por fusionar influencias da música latina, o jazz, o pop, a música contemporánea e clásica a través dos seus instrumentos.
- A súa discografía consta de 6 discos en solitario como gaiteira, e 2 discos como pianista, ademais de colaborar en máis de 40 grabacións como artista invitada, como por exemplo con [Rosa Cedrón “Negro caravel”](#)
- Desde o 2004 vive en New York.



Susana Seivane: gaiteira e cantante



- Naceu en Barcelona no ano 1976, é a herdeira da familia Seivane, unha das familias con máis prestixio e sona dentro do mundo dos gaiteiros e artesáns de gaitas en Galicia.

Comenzou a súa andaina musical ó cumprir tres anos de idade. Da man do seu pai Álvaro Seivane e influenciada por mestres gaiteiros como o seu avó, Xosé Manuel Seivane, Ricardo Portela e Moxenas, conseguiu o respecto e admiración do mundo da gaita e da música tradicional en Galicia creando un estilo propio fresco e actual.

- O seu primeiro traballo é [“Susana Seivane”](#) no que mestura o tradicional co folk
- Co seu segundo traballo *“Alma de Buxo”* consolídase como artista galega de referencia no panorama Folk. Neste colaboran artistas da importancia de Uxía Senlle, Kepa Junquera ou Rodrigo Romani entoutros. Neste traballo introduce instrumentos como a batería ou o baixo eléctrico e enriquece o disco con composicións propias.
- Co seu terceiro traballo [“Mares de tempo”](#) fusiona a súa faceta como gaiteira coa introducción da súa voz nos novos temas. A continuación publica *“Os soños que volven”* e no 2018 o seu derradeiro álbum *“FA”*. Neste último, pretende reflexar as sensacións e os sentimentos que lle produciu a maternidade, os embarazos, a familia, etc.

Sés - M^a Xosé Silvar: cantante e guitarrista



- María Xosé Silvar, máis coñecida como SES o Sés, é unha cantautora galega que fusiona o blues, o rock e a música tradicional galega.
- Sés preséntase en tres formatos diferentes:
- Banda completa de 11 músicos,
- Formación reducida (guitarra, baixo, batería y voz),
- Formato acústico, acompañada polo guitarrista Tito José Calviño.
- Os músicos que completan Sés son David Paz (saxofón, clarinete, arreglista e produtor), Tito José Calviño na guitarra, Pablo Cedeño no baixo, Miguel Queixas e Lorena Martín á batería, José Rodríguez no saxofón, Moncho Ces á trompeta, Cristian Leggiero no teclado e Aixa Romay, Lucía Souto e Carla Álvarez nos coros.¹
- Algunha das cancións máis coñecidas son: “Tempestades de sal”, “Milonga de aquí”, “Como eu canto”, “Serei curiosa”, “Eu son dun pobo sinxelo”, etc